



Retallos de mundo: Hoi An, a cidade da lúa chea

08 de xuño 2025 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-mundo-hoi-an-cidade-lua-chea-xesus-constela_507156_102/4840650.html

Planifiquei as datas dunha viaxe a **Vietnam** de xeito que puidese asistir ao **Festival da Lúa Chea** que se celebra en **Hoi An**, unha cidade costeira situada nas beiras do **río Thu Bồn**, coñecida pola súa rica historia e pola súa mestura de culturas.

Lera moito sobre este festival e a súa importancia, e non podía deixar pasar a oportunidade de vivir de primeira man unha celebración que me parecía tan significativa, tanto a nivel cultural como histórico, porque o Festival da Lúa Chea transforma Hoi An nun lugar máxico o día décimo cuarto de cada ciclo do **calendario lunar vietnamita**, cando a lúa brilla con máis forza no ceo nocturno.

Ao chegar finalmente ás beiras do río Thu Bồn, que desemboca preto de Hoi An, no mar da **China Meridional**, e foi unha importante ruta comercial nos séculos XVI e XVII, cando era percorrida por embarcacións chinesas, xaponesas, portuguesas e neerlandesas, o espectáculo que atopei superou abondo todas as miñas expectativas.

As augas do río estaban repletas de embarcacións decoradas con **lámpadas de papel de cores vibrantes**, e a bordo delas viaxaba unha multitude que, en silencio e con xestos pausados, soltaba na auga candeas acesas sobre faroliños de cartón, como ofrenda aos espíritos dos devanceiros. A superficie do río, iluminada por esas luces flotantes, estaba envolta nunha atmosfera cun aquel de misterio.

Contáronme que esta tradición, tan chea de simbolismos, ten o poder de converter cada candeas nun desexo persoal ou nunha petición de sorte e saúde, ao tempo que a **corrente do río arrastra consigo tristuras** e pensamentos escuros, como se a auga tivese o poder de purificar a alma.

Marabillado polo que estaba a ver, crucei a ponte de **Cầu An Hội**, que conecta o casco vello de Hoi An coa illa onde se celebra o mercado nocturno, e ao chegar á metade do camiño, sentínome obrigado a facer unha pausa. A multitude de xente que me rodeaba non foi un impedimento para admirar con tranquilidade o espectáculo no que estaba inmerso. O río estaba cuberto de faroliños de papel que se reflectían na superficie tranquila das augas, mentres nas beiras, a atmosfera festiva facíase palpábel en cada recuncho. As **rúas adornadas** con lanternas de papel de todos os tamaños e os postos do mercado nocturno, vivos e cheos de cor, brillaban baixo a suave luz dos farois, creando un engaiolante ambiente moi cálido e moi acolledor.

Aproveitei esa primeira visita ao mercado nocturno para mercar comida en diversos postos, coa intención de comprobar a veracidade da boa fama culinaria de Hoi An, cidade onde se cociñan receitas propias que se fixeron famosas en todo Vietnam. Debo dicir que alí degustei pratos tan succulentos como o *cao lầu*, a base de fideos, porco e verdura; o *cơm gà*, de polo e arroz; os fideos *mì quảng*; ou o *bánh mì*, unha sorte de delicioso bocadillo de carne e verduras escabechadas cun mollo lixeiramente picante, que combina ingredientes locais cos herdados do legado colonial francés. Definitivamente, Hoi An pareceume un dos mellores lugares de Vietnam para degustar a cociña tradicional do país.

Aproveitei a mañá seguinte para visitar o **casco antigo da cidade**, un fermoso conxunto de rúas e calexos con edificios moi ben conservados que amosan unha mestura única de influencias chinesas, xaponesas e europeas, construídos ao longo dos séculos XVI e XVII, cando Hoi An era unha animada cidade portuaria grazas á súa situación estratéxica nas costas centrais do país, que facía que todo o mundo quixese visitala porque era un gran núcleo de comercio no que se mercaban e vendían sedas, especias, cerámicas, marfil, metais preciosos e moitos outros produtos procedentes de toda Asia, un máis que lucrativo comercio que acabou esmorecendo no século XIX por mor da progresiva sedimentación do río **Thu Bồn**, que levou ao traslado do porto á veciña cidade de Da Nang, onde se atopa na actualidade.

O casco antigo de Hoi An pareceume un lugar perfecto para **deixar voar a imaxinación**, porque as súas rúas, cheas de recunchos cargados de historia, falan das diversas comunidades chinesas e xaponesas que un día viviron na cidade en grandes casas familiares e tiñan impresionantes salóns de reunións comunitarios, que co tempo foron transformados nos fermosos templos que se poden visitar a día de hoxe.

Un dos espazos que máis me impresionou foi a **casa Tân Ký**, construída con madeira, pedra e azulexos a finais do século XVIII, que leva sete xeracións a ser residencia da mesma familia e ten unha fachada orientada a unha rúa na que funcionaba como tenda, mentres que a parte traseira, próxima ao río, servía para recibir mercadorías.

Visitei tamén a **casa Phung Hưng**, outra xoia arquitectónica do século XVIII, construída sobre oitenta columnas da coñecida como “madeira de ferro,” procedente de árbores de **extrema dureza**, apoiadas en bases con forma de flor de loto, deseñadas coa dobre finalidade de minimizar a humidade e de afastar as térmites, unha solución técnica tan sinxela como eficaz, que explica a sorprendente lonxevidade do edificio.

Tamén chamou a miña atención unha antiga vivenda familiar, a **casa Quang Thang**, construída hai máis de trescentos anos por un rico comerciante que quixo replicar en Hoi An o fogar dos seus devanceiros en China, e na actualidade segue a estar habitada polos seus descendentes, cada xeración co seu lugar propio a xeito de respecto pola tradición, pero cun lugar común a todos no que se venera a figura do fundador.

Desgraciadamente, non puideron cruzar a famosa **ponte de madeira de Chùa Cầu**, un dos emblemas de Hoi An, que ten unha capela no seu centro e foi construída por comerciantes xaponeses no século XVII, porque estaba pechada por obras de restauración, así que tiveron que conformarme coas fotografías exhibidas no exterior da estrutura que a tapaba. Unha verdadeira mágoa.

Dediquei a tarde a visitar diferentes **salóns de asembleas**, que é como se coñecían os espazos construídos polas diferentes comunidades de inmigrantes, principalmente chineses, con finalidades tan diversas como o culto a diferentes deidades protectoras, a celebración de

festividades, reunións e actos culturais, ou os servizos administrativos e de apoio mutuo, como a resolución de disputas entre os seus membros.

Comecei polo Salón de Asembleas de **Fujian**, construído no século XVII pola comunidade procedente da provincia chinesa do mesmo nome, que está dedicado á **deusa Thiên Hậu**, protectora de mariñeiros e navegantes, e quedei fascinado pola beleza dun recinto que destaca pola súa arquitectura tradicional chinesa, con entradas de portas ricamente decoradas, grandes dragóns de cerámica, paneis esculpidos con motivos mitolóxicos, e un patio interior que conduce ao altar principal cheo de impresionantes bonsáis.

Despois dirixinme ao salón erguido en 1885 pola comunidade procedente da provincia chinesa de **Quang Dong** para honrar a Guan Yu, unha figura lendaria do folclore chinés asociada á lealdade, a xustiza e a valentía, que no interior acolle unha fermosa maqueta dun barco e unha gran colección de obxectos utilizados nas diferentes cerimonias que se desenvolven no lugar.

Estes dous salóns de asembleas, xunto co de **Trieu Chau**, servíronme de exemplos perfectos para comprender a importancia das comunidades chinesas que se foron asentando en Hoi An ao longo da historia e souberon imprimir na cidade as súas pegadas para lles legar aos seus habitantes actuais a fermosa vila na que viven.

E entón, cando caeu a noite, e para a miña sorpresa, a buliciosa multitude que ocupara as beiras do río **Thu Bồn** volveu empezar a enchelas de novo, e as inmediacións do lugar convertéronse nun continuo ir e vir de autobuses que descargaban grandes grupos de turistas traídos dende os moitos hoteis da contorna para gozar do **espectáculo do Festival da Lúa Chea**, e o mesmo aconteceu á noite seguinte e na posterior.

A dona do pequeno hotel onde me aloxaba contoume que as autoridades descubriran que o festival era un importante foco de atracción de turistas e decidiran celebralo todos os días, sen ter en conta as fases da lúa, algo que me pareceu o exemplo perfecto do que pode ser o perigo de morrer de éxito por un **turismo incontrolado**, que no caso de Hoi An acabou con calquera rastro da espiritualidade e a maxia que podía ter unha celebración única no mundo, para convertela nun espectáculo de masas que, no meu caso persoal, fixo que tomase a decisión de non regresar polas beiras do río Thu Bồn en ningunha das noites que pasei na cidade para non botar a perder a marabillosa imaxe que me proporcionara o festival o día da miña chegada.

Preferín pasear polas rúas do casco histórico para me deixar sorprender polos cafés que había por todos os recunchos e pola **multitude de xastrerías** que hai nunha cidade cunha tradición de costura que se remonta ao século XVII e que na actualidade seguen a ser un lucrativo negocio grazas á calidade e á enorme variedade das teas con que fabrican a roupa a medida para a cantidade de persoas que visitan a cidade cada día para acudir ao Festival da Lúa Chea. Algo tiña que ter de bo esa masiva afluencia de turistas.

[Xesús Constela](#), 2025